

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 14 DE NOVEMBRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón Da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: “Itinerario peonil na AC-524, puntos quilométricos 0+500 - 2+000, coa clave: AC/17/174.06, no concello de Ordes.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de San Cristovo de Cea, de varias vías de titularidade autonómica.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80% nas subvencións derivadas da Resolución pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, por un importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000€).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) para a contratación do servizo “xestión integral do vertedoiro de Areosa” (2019G-DTE-0030-SARA-SU), cun valor estimado de trinta e seis millóns trescentos sesenta mil setecentos cincuenta e cinco euros con vinte céntimos (36.360.755,20 €) e un importe de licitación de trinta e oito millóns oitocentos corenta e cinco mil, cincuenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (38.845.055,99 €).

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para O desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación, por un importe de cinco millóns trescentos trinta e dous mil oitocentos corenta e nove euros (5.332.849€).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63.1.dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento dos bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2020.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2020 do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Deputación Provincial da Coruña para a atención de menores no centro residencial “Emilio Romay” na Coruña. Importe total: trescentos vinte e cinco mil novecentos catro euros con oitenta e cinco céntimos (325.904,85€).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe de seguimento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria para o ano 2020 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80% polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre axudas inclusión a concellos.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe da vendima 2019 nas denominacións de orixe galegas.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-524, NO CONTORNO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE ORDES, CUN INVESTIMENTO DE 650.000 EUROS**

- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións das 9 predios necesarios para a construción deste itinerario seguro no lugar da Costa*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé proceder ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre do 2020*
- *A senda desenvolverase pola marxe dereita desta estrada de titularidade autonómica e permitirá separar o tráfico peonil do tráfico rodado nun itinerario de case 1,3 quilómetros, proxectándose tamén unha pasarela para salvar o río Cabrón*
- *A senda conectará coa pousada dos peregrinos e unirá os centros educativos da zona, os pavillóns polideportivos e/ou os locais comerciais e industriais*
- *A actuación da Xunta enmárcase no apoio ao Xacobeo 2021 e fomenta a mobilidade alternativa e suporá a diminución do tráfico rodado que diariamente circula pola vía e a mellora da seguridade viaria*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil na estrada AC-524, no contorno do albergue de peregrinos de Ordes, entre os puntos quilométricos 0+500 e 2+000.

O orzamento estimado desta nova intervención impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ascende a preto de 650.000 euros, no que se inclúe o pagamento das expropiacións dos 9 predios necesarios para esta actuación.

O Departamento de Infraestruturas e Mobilidade prevé o levantamento de actas previas e a licitación das obras no primeiro trimestre de 2020.

Trátase da execución dunha senda peonil pola marxe dereita desta estrada da Xunta, que partindo do itinerario peonil xa existente remata no punto quilométrico 0+500, e discorre polo núcleo de Ordes ata o 2+000, no lugar denominado A Costa.

Con esta intervención o Goberno galego ten como obxectivo mellorar a seguridade viaria na zona, executando un itinerario que permitirá separar o tráfico peonil do tráfico rodado, fomentando así a mobilidade peonil en detrimento do uso dos vehículos.

Cunha lonxitude total de case 1,3 Km, a zona de tránsito peonil constará dunha sección tipo de formigón coloreado de 2 metros, separada da calzada cunha banda axardinada de 0,90 metros, salvo nalgún tramo no que non sexa posible por falta de espazo.

A actuación inclúe, ademais, a execución dunha pasarela para salvar o río Cabrón, entre os puntos quilométricos 0+995 e 1+011, de 15 metros de lonxitude e 2,4 metros de ancho.

Este novo itinerario peonil conectará coa pousada de peregrinos e permitirá unir, ademais, outros focos de atracción, tales como os centros educativos IES nº1 de Ordes e co colexio

Alfonso Rodríguez Castelao, cos pavillóns polideportivos Castelao I e Castelao II, locais comerciais e industriais, farmacias, etc.

Esta actuación da Xunta de Galicia enmárcase na preparación do Xacobeo 2021, fomenta a mobilidade alternativa e suporá unha diminución do tráfico rodado motorizado diario que actualmente existe entre estes núcleos de actividade así como a mellora da seguridade viaria neste treito.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DE SAN CRISTOVO DE CEA DAS RÚAS CALVO SOTELO E JOSÉ ANTONIO E DE VARIOS TRAMOS DE DISTINTAS ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA**

- **Trátase de treitos nas estradas OU-187, OU-186, tramo antigo da OU-201 e dos ramais de conexión da OU-187 e OU-540 e da OU-186 coa vía de servizo OU-504**
- **O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais**
- **O cambio de titularidade formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe**

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de San Cristovo de Cea, do treito urbano da estrada OU-187, que se corresponde coas rúas Calvo Sotelo e José Antonio, e de diferentes vías de titularidade autonómica de tráfico maioritariamente de ámbito local.

O Concello ourensán manifestou o seu interese polo transferencia da titularidade do treito da citada estrada de titularidade autonómica, do punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 1+980, e o Departamento de Infraestruturas da Xunta formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade deste tramo da OU-187 e propón transferir os treitos de varias estradas de titularidade autonómica ao seu paso polo municipio.

O Concello de San Cristovo de Cea coincide en aceptar a transferencia de titularidade dos tramos de interese local. Trátase da estrada OU-186, do punto quilométricos 0 ao 0+820; a OU-185, do 0 e 0+850; do treito antigo da OU-201, entre os puntos quilométricos 0 e 0+419; do ramal de conexión da OU-187 e OU-540, do 0 ao 0+095; e o ramal de conexión da OU-186 e vía de servizo OU-504.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais, e a transferencia a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Co cambio de titularidade, o Concello será o responsable das tarefas de conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta zona de modo acorde coas súas características, non serán xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.


A transferencia formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico.

Plano de situación dos treitos que se transfiren:





**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta



## **A XUNTA DESTINA 450.000 EUROS A AXUDAS PARA PROXECTOS DE ATENCIÓN INTEGRAL A VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA**

- **As subvencións están dirixidas a entidades de iniciativa social sen ánimo e cada beneficiaria contará cun importe máximo de 70.000 euros.**
- **O Goberno galego financia accións de atención inmediata, asesoramento social, xurídico e laboral, así como programas de atención en traballo de rúa**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para levar a cabo proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual. A orde de axudas para o próximo ano conta cun orzamento de 450.000 euros, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

O importe máximo de cada axuda será de 70.000 euros e priorizaranse as solicitudes que inclúan a posibilidade de acollemento residencial temporal. A orde vai dirixida a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e con domicilio social en Galicia.

Nos proxectos de atención integral financiados inclúense accións como a atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades xudiciais, fiscais e policiais para a atención inmediata ás vítimas de trata de seres humanos; asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións con entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos; atención psicolóxica para abordar posibles trastornos emocionais e/ou condutuais na procura da súa recuperación persoal, así como orientación e asesoramento xurídico e laboral. Tamén se apoiarán programas de atención en traballo de rúa, co obxectivo de achegamento aos lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos para ofrecerlles información sobre os recursos existentes.

Estas axudas enmárcanse no compromiso da Xunta na atención ás vítimas de trata. Nesta liña, Galicia aprobou a Lei 12/2016 do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que no seu artigo 3 recolle a trata de mulleres e nenas como forma de violencia de xénero e incorpora as vítimas desta forma de violencia como beneficiarias das prestacións de axudas económicas periódicas da Xunta.

A Comunidade galega é, ademais, pioneira na implicación da Administración autonómica na loita contra esta lacra, coa sinatura en xaneiro de 2010, e actualizada en 2012, do protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

O Goberno galego traballa desde hai anos en garantir a protección das vítimas a través de protocolos de detección destes casos e a derivación das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual a profesionais de distintos ámbitos que as axuden a acceder a recursos de asistencia especializados.



## **MEDIO AMBIENTE LICITA POR CASE 41 MILLÓNS DE EUROS A XESTIÓN INTEGRAL DO VERTEDOIRO DE AREOSA DE SOGAMA EN CERCEDA**

- ***O contrato de licitación implica a xestión dos residuos, así como o mantemento posclausura e a execución das obras de selaxe definitiva dos distintos vasos do vertedoiro***
- ***O prazo deste contrato é de catro anos e unha prórroga excepcional de nove meses***
- ***Tamén se engade unha cláusula de modificación, por se fose necesaria a execución dun novo vaso (o número 4), que estará condicionada á evolución da enchedura das celas previas***

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, autorizar a licitación por 41 millóns de euros da xestión integral do vertedoiro de residuos non perigosos situado no lugar de Areosa (Cerceda- A Coruña), cuxa actividade complementa a desenvolvida no Complexo Medioambiental.

A licitación comprende a propia xestión dos residuos recepcionados no vertedoiro, así como das instalacións que acolle este recinto, isto é, depuradoras de ósmose inversa, planta de biogás e planta de compostaxe industrial.

Este contrato tamén inclúe o mantemento posclausura do vertedoiro, xunto coa xestión de gas e lixiviados producidos, ademais da execución das obras de selaxe definitiva dos noiros norte e sur das fases 2 e 3.

Adicionalmente, o contrato, cun prazo de execución de 4 anos e unha prórroga excepcional de 9 meses, inclúe a previsión dunha modificación que se traduce na execución do novo vaso 4 e que, en todo caso, estará condicionada á evolución do proceso de enchido das celas previas.

### **Acadar a vertedura técnica cero en 2020**

Grazas ás políticas de eficiencia industrial aplicadas por esta empresa pública nos últimos anos, logrouse optimizar o labor do Complexo Medioambiental, que pasou de tratar 482.031 toneladas en 2008 a 603.439 toneladas en 2018, é dicir, un 25,19% máis, mentres que, no mesmo período, se reduciu o depósito de residuos no vertedoiro nun 50%.

Dado que a Sociedade viña recibindo 800.000 toneladas anuais de refugallos e a capacidade nominal do complexo estaba limitada a 550.000, a compañía abordou un proxecto de ampliación desta infraestrutura que se materializou coa posta en marcha dunha nova planta para a recuperación de materiais contidos no lixo en masa e a remodelación da antiga planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible.

Desta forma, o Complexo viu incrementada a súa capacidade nun 81%, e pasou a xestionar actualmente un millón de toneladas anuais, circunstancia que lle permitirá tratar en condicións óptimas os residuos procedentes dos 295 concellos adscritos ao seu modelo (é

dicir, os xerados por máis de 2.242.000 habitantes) e ata os do resto de Galicia se así é necesario.

Esta mellora reforzará a súa achega á reciclaxe e propiciará unha menor vertedura, xa que se prevé chegar en 2020 á vertedura técnica cero (10%). Polo tanto, só se levará ao vertedoiro aquela parte do lixo que non se poida reciclar nin valorizar enerxeticamente, o que permitirá que Sogama dea cumprimento, con 15 anos de antelación, ás exixencias europeas en materia de vertedura.

En 2018 esta empresa pública depositou en vertedoiro o 28,5% dos residuos, unha porcentaxe moi inferior ao dos outros sistemas galegos e moi afastada tamén da media española, que ascende ao 53,59%.

## **AS UNIVERSIDADES GALEGAS RECIBIRÁN 5,3 MILLÓNS DE REFORZO AOS SEUS SERVIZOS DE INVESTIGACIÓN**

- ***Parte deles destinarase ao financiamento dos contratos do persoal dos servizos xerais de apoio á investigación***
- ***A Consellería de Educación incorpora unha nova actuación neste convenio, dirixida á investigación desenvolvida no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinará un convenio coas tres universidades galegas a través do cal lles transferirá 5.332.849 € para financiar os contratos de persoal de reforzo aos servizos xerais de apoio á Investigación destas institucións académicas. Esta actuación, que a Xunta mantén co sistema universitario de Galicia (SUG) desde o ano 2014, busca reforzar o capital humano dos devanditos servizos, fundamentais no labor dos grupos e persoal investigador do SUG. Trátase de xestores de investigación (expertos na presentación e xestión de proxectos europeos e do Plan nacional) e de tecnólogos (técnicos de grao medio e grao superior que son expertos en determinado equipamento e contribúen ao desenvolvemento da investigación, aínda que non son investigadores).

A misión dos servizos xerais de apoio á Investigación é crucial na actividade de transferencia e prestación de servizos de reforzo na xestión da investigación, no mantemento das infraestruturas e servizos científico-tecnolóxicos, e na coordinación das actuacións das tres universidades. Trátase de optimizar o gasto e a xestión de infraestruturas, ao tempo que se garante unha prestación de servizos integrada e dotada con persoal cualificado. Ademais, contribúen a fortalecer o impacto da investigación na sociedade e a facilitar a cooperación nas actividades de I+D entre investigadores e empresas, tanto no marco nacional como internacional.

### **Hospital Veterinario de Lugo**

Este acordo incorpora neste ano unha nova actuación, dirixida a cubrir os contratos de persoal de apoio aos servizos xerais de investigación do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), vinculado coa Universidade de Santiago de Compostela e situado en Lugo.

Cómpre salientar que unha das fortalezas do Sistema universitario de Galicia é dispoñer dun centro de experimentación en grandes e medianos animais, o HVU-RC e o CEBIOVET, vinculado á única Facultade de Veterinaria en Galicia e que cumpre os estritos requisitos legais impostos pola lexislación comunitaria, nacional e autonómica. O labor do hospital, ademais da docencia, abarca tamén a actividade clínica e o fomento da investigación. Esta tripla orientación (docente, asistencial e investigadora) proporciónalle ao alumnado unha formación completa e innovadora en veterinaria e biomedicina, acorde cos estándares de calidade homologados pola *European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE)*.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O hospital veterinario non só cobre as necesidades docentes e de investigación da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, senón que actúa como polo de referencia no nivel de todo o noroeste peninsular (as tres universidades do SUG máis as universidades do norte de Portugal) para a investigación en medianos e grandes animais, e serve de apoio aos grupos de investigación do Sistema universitario de Galicia para a realización de ensaios clínicos con medicamentos en fase de desenvolvemento.

## **A XUNTA FINANCIARÁ MÁIS DUN CENTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA PAISAXÍSTICA E EMBELECIMENTO AO LONGO DO CAMIÑO DE SANTIAGO**

- ***O Goberno galego pon en marcha unha liña de axudas por 1,2 millóns de euros para concellos e particulares na antesala do Xacobeo 21***
- ***Permitirá a restauración de bens do patrimonio etnográfico galego e actuarase en elementos que xeren un forte impacto paisaxístico, entre outras accións***
- ***As intervencións realizaranse a partir do 1 de xaneiro de 2020 e o Executivo autonómico subvencionará o 75% do investimento realizado polos beneficiarios***
- ***Este proxecto forma parte das accións do Plan estratéxico do vindeiro Ano Santo para a mellora e posta en valor dos distintos itinerarios***

A Xunta financiará máis dun cento de actuacións de mellora paisaxística ao longo dos distintos Camiños de Santiago na antesala do Xacobeo 21, dentro da liña de axudas do Plan de embelecemento, unha iniciativa enmarcada no Plan Estratéxico do vindeiro Ano Santo. A convocatoria, aprobada hoxe no Consello da Xunta, está dirixida a entidades locais e persoas físicas ou xurídicas e contará cun investimento de 1,2 millóns de euros.

En virtude deste proxecto, acometeranse iniciativas como a restauración de bens que integran o patrimonio etnográfico galego no contorno da Ruta Xacobeá, actuacións en elementos que xeren un forte impacto paisaxístico nos diferentes itinerarios ou a substitución de elementos de mobiliario urbano deteriorados ao longo dos trazados, entre outras actuacións.

Trátase dunha acción que se enmarca nas actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para a mellora e posta en valor dos distintos Camiños coa vista posta no próximo Ano Santo e recollidas no Plan estratéxico do Xacobeo 21. De feito, a Xunta xa puxo en marcha un proxecto dentro do Plan de embelecemento do Camiño de Santiago, en colaboración coa Fundación Juana de Vega, co obxectivo de traballar na eliminación de elementos que deterioran a paisaxe dos distintos itinerarios.

A raíz deste convenio, estanse desenvolvendo preto de 50 pequenas actuacións como melloras en valados, hórreos, ou casetas que se tomarán como modelo das iniciativas subvencionables ao abeiro das axudas do Plan de embelecemento. Ademais, como parte desta colaboración, esta entidade elaborou un manual de boas prácticas que permitirá fixar os criterios que se empregarán nas actuacións desta iniciativa.

### **Dúas categorías**

As axudas do Plan de embelecemento do Camiño de Santiago dividiranse en dúas categorías en función do solicitante. Así, a primeira delas permitirá financiar un mínimo de 40 actuacións propostas por entidades locais, nas cales se inclúen os concellos de Galicia polos que discorre algún tramo do Camiño, ou calquera entidade supramunicipal galega (deputacións, mancomunidades...) sempre que teñan competencias para a actuación proposta. Terá unha dotación de 600.000 euros.



A segunda categoría irá dirixida a persoas físicas e xurídicas privadas titulares dun dereito real sobre un ben moble, inmobile, recurso ou elemento situado no Camiño de Santiago, ou os arrendatarios dos citados bens. Nesta epígrafe inclúense, ademais, comunidades de propietarios, asociacións de veciños ou comunidades de montes veciñais en man común. Así, financiaranse un mínimo de 60 actuacións nesta categoría que contará cunha dotación de 600.000 euros.

Entre os obxectivos do Goberno galego a través desta iniciativa destacan os de ofrecer a mellor versión de Galicia aos visitantes e contribuír a unha Galicia máis verde e próspera, favorecendo a protección e posta en valor dos distintos camiños, aumentando a concienciación e sensibilidade sobre a Ruta Xacobeá e fomentando a colaboración cidadá xunto coas administracións públicas neste eido. Trátase dunha actuación que a Xunta pon en marcha ás portas dun acontecemento como o Xacobeo 21, onde está previsto un notable incremento no fluxo de peregrinos, un colectivo que destaca como un dos principais atractivos do Camiño a súa riqueza paisaxística.

### **Actuacións subvencionables**

As actuacións deberán realizarse a partir do 1 de xaneiro do 2020 sobre bens físicos situados no ámbito de protección do Camiño de Santiago ou no seu campo visual e o Goberno galego financiará o 75% das intervencións. En concreto, poderán acollerse a estas axudas actuacións incluídas en cinco ámbitos. O primeiro deles refírese a intervencións sobre elementos etnográficos e o seu contorno e inclúe accións de valorización, mantemento, consolidación ou restauración de fontes, lavadoiros, hórreos, pontes, muíños, valados ou calquera outro elemento de carácter tradicional vinculado á paisaxe e a cultura do lugar.

O segundo contempla actuacións sobre casas e eiras, como melloras nas fachadas e nas cubertas empregando materiais propios da zona; mentres que a terceira liña abrangue intervencións no espazo agrario co fin de reducir o impacto visual que xeran elementos en desuso ou abandonados sen interese patrimonial ou paisaxístico como naves, silos ou casetas. As axudas do Plan de Embelecemento do Camiño de Santiago complétanse con actuacións para incorporar a vexetación como elemento integrador da paisaxe ou actuacións nos trazados do Camiño co fin de substituír elementos do mobiliario urbano que polo seu estado de deterioración ou as súas características físicas resulten alleas ao contorno da Ruta Xacobeá.

### **Medidas de mellora dos trazados xacobeos**

Esta liña de axudas dá continuidade ás diferentes actuacións impulsadas pola Xunta na antesala do Xacobeo 21. Entre esas accións, e co obxectivo de que os distintos trazados cheguen a esta cita no mellor estado posible, púxose en marcha o Plan de mantemento a través dun investimento de 15,6 millóns de euros que permitirán acometer actuacións ao longo de máis de 1.250 quilómetros dos distintos camiños en Santiago en 121 concellos galegos, situados maioritariamente no rural.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A este proxecto súmanselle as accións de sinalización dos diferentes camiños, seguindo a folla de ruta marcada polo Plan director do Camiño, que este ano dedica 3 millóns de euros ao acondicionamento e sinalización da Vía da Prata e que o próximo ano se centrará na última ruta pendente, o Camiño de Inverno.

Ademais, o Goberno galego aprobou en setembro o Plan de albergues cun investimento de máis de 7 millóns de euros, que prevé a creación de oito novos establecementos da rede pública a través da rehabilitación de edificios históricos en distintas rutas do Camiño de Santiago. Inclúe, ademais, a realización de actuacións de mellora na rede pública. Todas estas actuacións se recolle no eixo soporte do Plan estratéxico do Xacobeo 21, que ten por obxectivo a mellora das infraestruturas dos camiños de Santiago na antesala do vindeiro Ano Santo.

## **A XUNTA FINANCIA CON 325.000 EUROS 27 PRAZAS PÚBLICAS NO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

- ***Este importe consolida o crecemento do 18% que se lle aplicou o ano pasado***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde a un convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para soste 27 prazas no Fogar Infantil Emilio Romay, do que é titular o ente provincial. O importe deste acordo consolida o crecemento do 18% que se lle aplicou o ano pasado e mantense en máis de 325.000 euros.

Trátase dunha colaboración que se vén mantendo desde os anos 90 e que agora se prolongará, polo menos, durante todo 2020. O centro conta con tres fogares residenciais: un para bebés de ata 15 meses e dous para nenas e nenos de ata 12 anos.

Este acordo enmárcase nas actuacións de protección da infancia que está en situación de desamparo que leva a cabo a Administración autonómica neste caso en colaboración coa Deputación coruñesa.

## **A XUNTA DESENVOLVE O 100% DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA ESTE ANO DENTRO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe de seguimento da execución do Plan anual, no cal están implicadas todas as consellerías***
- ***Catro de cada cinco euros do orzamento están xa executados ou en execución e a previsión é facelo na súa totalidade nos vindeiros meses***
- ***A maioría das 65 medidas programadas para este exercicio centrouse na sensibilización e prevención e na asistencia, axuda e protección ás vítimas***
- ***Entre as novas accións postas en marcha, destaca o apoio integral a menores orfos, a quenda de garda social e psicolóxica ou os programas de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero***
- ***O próximo ano está previsto implementar un plan para facilitar o intercambio de información entre administracións e para traballar con menores agresores***

A Xunta ten actualmente desenvolvidas practicamente o 100% das medidas previstas este ano para dar cumprimento ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, tal e como se recolle no informe de seguimento que coñeceu hoxe o Consello da Xunta.

O pasado mes de marzo o Goberno galego aprobou un plan de actuación para a implantación en Galicia das medidas de competencia autonómica incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. No plan programáronse un total de 65 medidas, das cales 38 son novas e 27 supuxeron reforzar ou ampliar medidas que o Goberno galego xa tiña en marcha. Todas as accións están xa rematadas ou en execución agás unha, programada para levarse a cabo antes de finalizar o ano.

As 65 medidas encádranse nalgúns dos dez eixes do Pacto de Estado, e as máis numerosas son as relacionadas coa sensibilización e prevención (26) e coa asistencia, axuda e protección das vítimas (15). O resto de medidas sitúanse no resto de eixes: mellora da resposta institucional e traballo en rede; intensificación da protección aos menores; impulso da formación; seguimento estatístico; recomendacións ás comunidades autónomas ou visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres.

O importe total que se vai executar este ano ascendeu a preto de 16 millóns de euros, dos cales xa están en execución ou rematados case 13 millóns de euros, isto é, catro de cada cinco euros. A achega do Pacto de Estado contra a violencia de xénero é duns 8 millóns de euros anuais pero nesta ocasión, ao consignado en 2019, sumouse gran parte do orzamento previsto para o ano anterior, xa que o crédito de 2018 non foi transferido polo Estado ata finais de ano. Cómpre recordar tamén que as comunidades autónomas dispoñen ata o mes de marzo para poder xustificar os fondos, polo que está previsto que se execute na súa totalidade o investimento previsto.

Do mesmo xeito que a maioría das medidas para este ano se encadran nos eixes de sensibilización e protección ás vítimas, o orzamento tamén se destina na súa maioría a estas dúas áreas.

### **Novas medidas en 2019**

Cómpre lembrar que Galicia é unha das comunidades autónomas que parte dunha boa situación de partida para a execución do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, na medida en que xa tiña implantadas con anterioridade unha boa parte das 115 medidas autonómicas que incluía o documento. Así, por exemplo, Galicia é a única comunidade autónoma que tiña e ten en marcha prestacións periódicas ás vítimas. ademais, conta cunha ampla rede de centros de Información á Muller -un total de 82-; 6 centros de acollida; e case un cento de profesionais formados para a asistencia psicolóxica integral de mulleres vítimas e menores.

O Plan para 2019, coas súas 65 medidas, ampliou e reforzou algunha destas actuacións, incrementando as axudas ao alugueiro ou os recursos de acollida, e tamén incorporou outras accións novas.

Algunhas das novas medidas novidosas máis destacables postas en marcha este ano e con vocación de permanencia, son o apoio integral a menores orfos por violencia machista, que atendeu a dous menores no que vai de ano; a habilitación do apoio económico e social ás vítimas gravemente feridas, que permitiu atender 6 mulleres neste exercicio, ou a posta en marcha das quendas de garda psicolóxica e social.

Ademais, tamén no marco do Pacto de Estado, véñense de incorporar ás oficinas de atención ás vítimas nos xulgados traballadores sociais; habilitáronse axudas específicas ás entidades locais, ás anpas e ás asociacións de mulleres, e púxose en funcionamento por vez primeira un programa de fomento da contratación para entidades locais e para empresas forestais e agrogandeiras que xa suman 65 contratacións.

### **Previsións para 2020**

O obxectivo para 2020 e os anos seguintes -ata 2022, horizonte temporal do Pacto de Estado- é seguir reforzando e poñendo en marcha medidas nos ámbitos da sensibilización e prevención; apoio psicolóxico e social; reforzo da rede de acollemento e das axudas ao alugueiro; inserción laboral; mellora da formación dos profesionais e da protección de menores; traballo con menores agresores e mellora no intercambio de información, entre outras accións.

Así, no próximo ano está previsto implementar un Plan estratéxico que avance cara á plena comunicación e coordinación de información entre as bases de datos informáticos das diferentes Administracións públicas; a posta en marcha de novos centros de acollemento; o impulso da formación dos profesionais; o traballo cos menores agresores, e seguir promovendo medidas para loitar contra outras formas de violencia contra as mulleres como agresións sexuais, acoso ou trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.





## **A XUNTA ACREDITARÁ A COMPETENCIA PROFESIONAL DE 1.800 GALEGOS E GALEGAS PARA QUE PROGRESEN NA SÚA CARREIRA LABORAL**

- ***A convocatoria inclúe un total de 11 cualificacións profesionais, das cales dúas son novas: Instrución en ioga e Vixilancia e seguridade privada***
- ***Máis de 13.000 galegos xa acadaron unha acreditación oficial a través desta iniciativa da Administración autonómica***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Profesional, publicará este mes no Diario Oficial de Galicia (DOG) a nova convocatoria para o ano 2020 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral.

Convocaranse 1.800 prazas repartidas entre 11 cualificacións profesionais. Por primeira vez ofreceranse as de Instrución en ioga e Vixilancia e seguridade privada:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio: 300 prazas.
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais: 250 prazas.
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais: 200 prazas.
- Socorrismo en instalacións acuáticas: 200 prazas.
- Docencia da formación para o emprego: 100 prazas.
- Extinción de incendios e salvamento: de 150 prazas.
- Operacións de vixilancia e extinción incendios forestais, e apoio a continxencias no medio natural e rural: 150 prazas.
- Confección e mantemento de artes e aparellos: 75 prazas.
- Servizos para o control de pragas: 75 prazas.
- Vixilancia e seguridade privada: 150 prazas.
- Instrución en ioga: 150 prazas.

As cualificacións convocadas responden a necesidades ou demandas de acreditación, en moitos casos por tratarse de actividades ou profesións reguladas por normativa europea, estatal ou autonómica, que establece que por razóns de saúde e seguridade, para garantir un bo servizo aos usuarios ou clientes, será requisito imprescindible para desempeñar a ocupación ou profesión posuír un título ou certificado de profesionalidade que acredite a súa cualificación profesional. Unha cualificación que en moitos casos os traballadores veñen desempeñando durante anos e que corren o risco de perder se non logran esa acreditación oficial. É o caso dos profesionais de atención sociosanitaria, do socorrismo acuático, do control de pragas e de confección e mantemento de artes e aparellos.

Estas acreditacións teñen carácter oficial e validez nacional, polo que se poderán facer valer ante os sistemas de educación e formación profesional -para establecer exencións ou validacións cos módulos formativos da FP inicial ou da FP para o emprego-, pero sobre todo as persoas poderán utilizalas no mercado laboral como acreditación oficial dos coñecementos e capacidades e do bo facer profesional adquirido a través de anos

experiencia. Isto facilitaralles avanzar e progresar na súa carreira profesional de mentres que ás empresas lles permitirá optimizar o aproveitamento dos seus recursos humanos.

Este recoñecemento oficial tamén suporá unha maior transparencia no mundo da formación e do emprego, que se traducirá nun importante aforro para as persoas e para as administracións en termos de tempo, custos económicos e mobilización de esforzos e recursos materiais e humanos.

Deste xeito, dáse continuidade ás convocatorias anuais que vén publicando desde 2011 a Consellería de Economía, Emprego e Industria, o que a converteu nunha das rexións pioneiras en impulsar este procedemento. Máis de 13.000 candidatos acadaron unha acreditación oficial da súa competencia profesional.

## **A XUNTA DE GALICIA DUPLICA O INVESTIMENTO NAS AXUDAS AOS CONCELLOS PARA DESENVOLVER PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIAL**

- ***A nova orde de axudas para o período 2019-2021 supera os 5,2 millóns de euros, fronte aos 2,5 da anterior***
- ***Elévanse de 55 a 65 os concellos beneficiados e tamén aumentan os programas financiados de 160 a 198***

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe a resolución da orde de axudas aos concellos para desenvolver programas de inclusión da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. A contía destas achegas para o período 2019-2021 duplícase respecto da última convocatoria, ao pasar de 2,5 millóns de euros a máis de 5,2. Este maior investimento tamén supón que o número de concellos beneficiados se eleve de 55 a 65 e os programas financiados de 160 a 198.

Os obxectivos das actividades financiadas poden ser a adquisición de formación básica ou laboral adaptada ás necesidades dos destinatarios; a realización de actuacións de mediación intercultural ou de carácter residencial e programas de educación e apoio familiar.

Nesta convocatoria introducíronse dúas novidades importantes. Unha delas é que o período para levar a cabo os programas subvencionados se aumente de 16 a 20 meses, para que os proxectos teñan maior estabilidade financeira e poidan ter marxe para ser máis ambiciosos. Ademais, por primeira vez inclúese un programa específico para atención ás persoas sen fogar, na liña do Plan pioneiro que ten en marcha a Xunta de Galicia para axudar este colectivo a superar a súa situación.

## **A VENDIMA DE 2019 EN GALICIA FOI A TERCEIRA MÁIS ABONDOSA NA ÚLTIMA DÉCADA CON CASE 64 MILLÓNS DE QUILOS DE UVA RECOLLIDOS**

- ***Algo máis de 51 millóns de quilos de uva corresponderon a variedades brancas e os 12,8 millóns restantes a castes tintas***
- ***As variedades recomendadas, potencialmente produtoras de viños de calidade, seguen a ter un peso fundamental no conxunto da colleita, destacando entre elas a Albariña, a Godello e a Treixadura en brancas e a Mencía en tintas***
- ***Para consolidar o éxito deste sector e o prestixio dos viños galegos, a Xunta ten en marcha unha Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia dotada con case 750.000 euros***

A vendima de 2019 nas cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia foi a terceira máis abondosa na última década, só superada polas de 2011 (que foi récord absoluto) e de 2018, que tan só foi un 0,17% superior á campaña deste ano. Ademais, a colleita deste ano sitúase un 6,5% por riba da media do decenio. Así se reflicte nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

O documento sinala que, pechada a campaña, nas devanditas cinco DO's galegas colleitáronse un total de 63.906.700 quilos de uva, dos cales algo máis de 51 millóns corresponderon a variedades brancas e os 12,8 millóns restantes a castes tintas. Por denominacións, a de Rías Baixas ocupou de novo o primeiro lugar en volume de produción, cuns 32,4 millóns de uva recollidos, que representan algo máis da metade do total. Seguiulle a do Ribeiro, con 11,8 millóns de quilos e a continuación as de Ribeira Sacra (7,2 millóns), Valdeorras (6,8 millóns) e Monterrei, con algo máis de 5,6 millóns de quilos.

O informe sinala tamén que este ano as tres denominacións de menor produción (Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei) aumentaron a cantidade vendimada, colocándose moi por riba da media do último decenio. Tamén se incrementou a produción no Ribeiro.

Ademais, destaca o feito de que as variedades recomendadas, potencialmente produtoras de viños de calidade, seguen a ter un peso fundamental no conxunto da vendima. Así, as uvas Albariña, Godello e Treixadura representaron, respectivamente, un 62,4%, un 13,6% e un 11,1% da uva branca total e a Mencía supuxo o 76,1 % da uva tinta total colleitada.

### **Viticultores e adegas**

Outros datos recollidos polo informe de Medio Rural refírense, por exemplo, aos 9.844 titulares de viñado e ás 426 adegas implicadas na campaña. Así mesmo, para os labores de control, os consellos reguladores mobilizaron 81 efectivos, entre o persoal fixo e os eventuais contratados especificamente para tal finalidade. A maiores, a Consellería do Medio Rural reforzou este seguimento de xeito totalmente coordinado cos consellos reguladores, co despregamento de 22 técnicos máis. Ademais, o estudo informa de que a vendima máis madrugadora rexistrouse en Rías Baixas e O Ribeiro, xa que en ambos casos comezou o 28 de agosto. A máis tardía foi a de Valdeorras, que rematou o 29 de outubro.



Por denominacións de orixe, no caso de Rías Baixas a cantidade de uva vendimada mantívose practicamente igual á media do decenio. No Ribeiro o incremento da colleita superou o 31% en relación coa pasada vendima. Ademais, as condicións climatolóxicas deste ano 2019 foron axeitadas para que o ciclo da vide se desenvolvese de maneira normal sen ningunha anomalía.

Na Ribeira Sacra a produción foi un 17,7% superior á do 2018 e situouse un 24,5% por riba da media do período 2010-2019. Polo tanto podemos dicir que, en canto a cantidade, estamos ante a mellor colleita da historia desta denominación. No caso de Valdeorras a vendima foi a segunda maior dos últimos dez anos, o que supuxo un incremento do 45,7% respecto da campaña precedente, superando nun 23,7% o valor medio do devandito decenio. Por último, na DO Monterrei rexistrouse unha cifra récord, que supuxo un incremento por riba do 57% en relación coa media do decenio.

### **Estratexia de dinamización**

Para consolidar o éxito deste sector e o prestixio dos viños galegos, a Xunta ten en marcha unha Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia. Esta iniciativa ten na calidade un dos seus sinais de identidade fundamentais, así como na internacionalización, xa que o do viño, con máis dun 20% de exportacións sobre a produción total, é o eido agrario galego con máis proxección exterior.

Esta estratexia é unha actuación conxunta entre o sector e tres consellerías (Economía, Emprego e Industria, Cultura e Turismo e Medio Rural), xunto coa Fundación Juana de Vega, que conta cun orzamento de case 750.000 euros para reforzar a dimensión internacional, turística e territorial do viño galego.

Este apoio ao mundo do viño por parte da Xuntaponse de manifesto tamén a través de diferentes liñas de axudas específicas para o sector, entre elas unha destinada á mellora das instalacións de elaboración e comercialización e outra para financiar medidas de promoción en países terceiros, que suporán o vindeiro ano unha achega total de 4,2 millóns de euros por parte da Consellería do Medio Rural. Tamén en relación co viño, trabállase na actualización do Rexistro Vitícola de Galicia, para o que se destinan 916.000 euros no período 2019-2020.